


O Barão

Curso 2010 / 2011



Querido colexio:

Somos os alumnos de 6ºA e 6ºB.

En primeiro lugar, queremos agradecerlle a todos os profesores, tanto ós que nos deron clase como ós que non, xa que todos nos axudaron en algo. En especial a M^a Carmen Basanta, Chus, Socorro e Pilar.

Tamén darlles as grazas ás limpadoras e a Enrique, o conserxe, xa que fan moitas cousas por nós. Do comedor, agradecerlles ás cocineiras, ó persoal de comedor e ás encargadas. Queremos pedir perdón a todas/os por se vos fixemos algo que vos sentase mal.

Sempre lembraremos os recreos coas amigas/os xogando, ensaiando, falando, ...; os luns medio durmidos; os momentos de venres tarde; e as clases de música, educación física, inglés e relixión, xa que nunca serán iguais.

O noso polideportivo ímolo votar en falta porque nos quitou o frío os días de educación física. Informarlles ós que veñen para 6º, que o curso, se lle pón interese e te esforzas, resultarache doado! O máis difícil para nós foi algún tema de coñecemento e algunhas cousas novas de matemáticas.

Agora témonos que despedir deste colexio, porque marchamos para a ESO e xa non estaremos!!!

NUNCA O ESQUECEREMOS, PORQUE NOS GUSTA MOITO O NOSO COLEXIO!

Un saúdo. Ata sempre!!

Texto: alumnos/as de 6ºA e 6ºB

Refraneiro

Está caladiño
como a gaita na festa.

Ano de
ameixas
ano de queixas.

Polo San Miguel
sabe o touciño a mel.

Vale máis un mal acordo
que un bo preito.

Dime con quen andas
e direiche quen eres.

Entre marzo e abril
se non ven o cuco ven a fin.

Nunca choveu
que non escampara.

Dalle ó rabo o can,
non por tí senón polo pan.

Santiagoño pinta o
viño
San Salvador pinta mellor.

Ata o corenta de maio
non te saques o saio.

Estás na horta
e non ves as berzas.

En xaneiro xa o merlo
vai cantar ó salgueiro.

Boca sen moas é
coma muiño sen pedra.

Se che doe a barriga
fréga a cunha ortiga.

A cabra que tira ó monte
non hai cabreiro que a garde.

Por San Xoán
a sardiña molla o pan.

En maio aínda a
vella queima o tallo.

Aprende cachola
que estamos na escola.

Fillo eres, pai serás.
Según fixeres así atoparás.

O día da
Candelaria se chora,
vai o inverno fora,
e se rí,
aínda ta por vir.

Por Santa
Lucía mengua a noite
e medra o día.

Árbore sen
flor,
día sen sol.


O que garda
sempre ten.

Onte fomos de excursión á casa do cura, que está no Couto. Fomos ver varias clases de bai-


les. Ensináronnos na pantalla dixital a obra "Romeo e Xulieta". ¡É fermosísima!

Unha muller ensinounos como os artistas non se marean ó xirar. É algo doado. O truco é que a mirada a teñen nun sitio fixo e só moven o pescozo.

Despois saímos e vimos a un home e unha muller facendo poesías. Bailamos bailes tradicionais e máis cousas. Fomos no bus para a escola e escribín esto.



Texto e ilustración:
María Farina Bermúdez, 4º



Amarelecen
follas douradas
polo chan.
Pola rúa
vai o vento.
Vai tirando
as follas
co seu bastón.

Raquel Salgado Parga - 1º

Soños de emigrantes

Un avó galego
o outro catalán,
outros emigrantes perseguidos
sen ningún tipo de caprichos.

Familiares destinados a América
desexando volver ás súas terras,
añorando a súa Galicia,
traballando sen ledicia.

Non hai tanto tempo,
que os galegos emigrantes fomos.
Abandoando as nosas terras,
deixando atrás as nosas lendas.
Dicindo adeus ás nosas familias,
deixando atrás as nosas vidas.



Texto: Érika Calvo Rivera - 6ºA

Xogando ó balonman en Educación Física:
"Dáseme mal esto do voleibol" - 4º

- Profe, se vou de último e me porto mal mándasme para adiante? - 1º

Os dedos térenos os homes, e as dedas as mulleres - 1º

facendo unha fila para entrar no colexio:
"Profe, Xavier colouse para atrás" - 1º



Cousas de nenos...

Xogando ó balonman en Educación Física:

- Tedes que lanzar a portería
- ¿Có pé? - 4º


No autobús, indo de excursión:
- Profe, neste cristal pon "saída de socorro". ¿Por aquí ven que saír a directora Socorro? - 2º

Falando do polo norte e o polo sur:
- Profe, se a parte fría máis ó norte se chama "Polo norte" e a parte fría máis ó sur se chama "Polo sur", a liña do Ecuador debería chamarse "Polo asado". - 5º

- Profe, ti por quen votas, por Zapatero ou por Rajoy?
- Por ningún.
- Pois moi ben, porque ningún fai nada pola crisis. - 2º


- Trouxemos información dunha balea que está en perigo de extinción nos océanos de Madrid.
- Non tonta, que en Madrid non hai océanos, hai mares!! - 4º

Profe, dí Adrián que lle importa máis ser encargado que a vida. - 1º



O MAGOSTO

O día do Magosto gustoume moito. Fixemos moitos xogos divertidos coma o tiro de corda, e ó final comemos unhas castañas. Pasámolo moi ben.



Texto: Christian, 4º
Ilustración: Adrián Rodríguez, 4º



Ilustración: Esther Suárez Suárez - 1º

Poemiñas

O meu balón

Eu teño un balón
grande e gordinflón.
É de cor azul e amarela,
moi limpiño está na bañeira.

Alba - 5º

A miña boneca

A miña boneca
é especial,
bonita sen igual.
Tén meixelas douradas
e tantas cousas,... que pasada!
Chámase Lucía
é tan bonita coma miña tía.
Durmo con ella abrazada,
ela está conxelada
coma un pingüín na antartida.

Carla López - 5º

A miña boneca

A miña moneca tén un traxiño
que sempre o anda lucindo.
Guapa tén que estar
para ser unha superestar.
Cos seus zapatos de cores
e de pendentes unhas flores.
Co seu pelo recollido,
de peinado un moñiño.

Kelly - 5º

A buxaina

A miña buxaina
xira e xira
sen parar.
E de novo
volve a xirar
sen se gastar.

Fran - 5º

Tina

A miña tartaruga Tina
tén os ollos dunha raíña.
Polo verán come coma unha raíña
e polo inverno non che come na-
diña.

Tén as patas negras e amarelas
cunha cuncha negra ben pequena.
Tén unhas uñas extragrandes
e cando a lavas arrabuña coma
nadie.


Tén un compañeiro canario
que pasa o día cantando
cando o sol aparece polo alto.

Virginia - 5º

Era tempo de Halloween e catro amigos quedaron na escola facendo os deberes ata tarde, sen se dar conta que xa pecharan o colexio. De súpeto oíuse...catapush! Un lóstrego! Foise a luz. A impresora empezou a botar papeis. Cando intentaron escapar pechouse a porta da clase. Outro lóstrego alumeou a estancia e viuse

unha calavera con sangue debuxada no encerado e oíuse un berro. Aaaaah!

Os nenos intentaron abrir a porta, cando, de súpeto, enfrente deles, apareceu a Santa Compañía con sicarios. Os nenos pecharon a porta e subiron ao faiado e descubriron que alí había un cemiterio. De súpeto, deron as doce no gran reloxero. Oíuse "rip rap rip rap rip rap descanse en paz". Volveu a Santa Compañía e os seus sicarios.



Os rapaces armáronse de valor e colleron un caldeiro con auga e tiráronllo á Santa Compañía e ós seus sicarios, e estes desfizéronse. Nas noites de Halloween síguense oíndo ruidos estranos. ¿Quedaría algún dos sicarios con vida?

Texto: Andrea Pérez, Aldara Varela, Fátima Suárez, Andrea Varela, Hilda Romero - 6ºB
 Ilustración: Hilda - 6ºB

Un día a profe Marta mandounos que cada un inventase un conto de medo, para que de cada conto sacásemos algunha idea para facer unha obra para o Samaín. Mirando algunha que outra idea en internet e mirando algunhas ideas dos contos de medo que fixemos, sacamos unha conclusión fantástica, un conto moi bonito e de moito medo que se titulaba: A Casa Encantada!

No conto había voces de rapaces que falaban, pantasmas, galiñas, ... vamos, unha mezcla de todo. Fixémolo na biblioteca, diante de todo o colexio. Eu creo que nos salíu bastante ben... outra cousa é o que pensaron os demais.

Espero que a vos si vos gustase... jajaja.

Lara - 4º



A qué lle tes medo?

Os nenos e nenas de terceiro imos dicir que cousas nos dan medo:

VERÓNICA

Téñolle moito medo ás arañas, ás serpes e aos escáncers.

BRUNO

Un día cando meu pai estaba de caza, dous lobos matáronlle os cans. El tivo moito medo.

DIEGO M.

Eu téñolle medo aos balados, pois unha vez saíu unha serpe dun e houbo de morderme.

DIEGO G.

Dáme medo cando meu pai se cabrea ou cando o toro sae da corte.

Miña nai tivo un accidente e pasou moito medo.

VIRGINIA

Un día picoume unha serpe. Pensamos que era venenosa, pero houbo sorte e non foi mais ca un susto.

MAR

Pasei moito medo cando vin unha pelexa entre unha serpe e un can.

BRAIS

Daríame moito medo se unha nave espacial aparecese de repente, e se un marciano se me acercase para levarme con el a outra galaxia.

YAGO

Eu non lle teño medo a nada.

NOEMÍ

Unha vez miña nai tivo moito medo cando estaba dándolle de comer ás vacas e una serpe subiu pola forquita ata pousarse na súa cabeza.

ADRIÁN

Non teriades medo se souberades que cerca da vosa casa hai un pantano, no que está un home malvado que nunha noite de lúa chea se transformará en es-

queleto, cubrírase de lama e destruírá toda a vosa vila?

ÁNGEL

Unha noite soñei que ía de viaxe nun avión que se estrelaba. Un neno saía del e atopábase coas pantomas dos mortos. Como era moi valente, colleu un pau e acabou con todos.

RAUL

Ás veces as cousas non son o que parecen. Noemí foi para a cama e atopouse cun monstro moi

grande que a perseguía por todo Ponteceso. Agochouse na casa de Diego

e pola mañá miraron pola ventá. Resultou que o

monstro era un can que estaba perdido.

NEREA

Eu tería moito medo se cando fose de vacacións

en coche coa miña familia me atopase cun monstro de

tres cabezas e dous cornos, que sacudira e levantase o coche e que

non nos deixase marchar.

Creo que mellor vou ir de vacacións en avión.

ALEJANDRO

Un día un home ía para o muiño e atopouse cun ser maligno que lle pediu o saco. Como non llo quixo dar tirouno dentro dun pozo. Vermes e serpes metéronse-lle pola boca e polas orellas. Colleu tanto medo que caeu da cama embaixo e co golpe da cabeza espertou.

LUCÍA

Danme medo as cabazas vivas, as pantasmas que se fan invisibles, as bruxas malvadas, as casas malditas...

SHEILA

Danme medo as casas con historias encantadas onde viven bruxas malvadas que convierten as persoas en bichos noxentos.



páxina 7

BORJA

Dáme medo un tigre que matou a un morcego que asustaba a todo o mundo. Agora é o tigre o que nos asusta a todos.

LUCAS

Dáme medo o espírito dun bo can que foi atropelado por un camiión que se deu a fuga e... dende aquela, deambula pola casa do seu amo.

ANTONIO

Danme medo as pantasmas que viaxan nos barcos de piratas con coitelos na boca.

MARÍA

Danme medo as historias de vampiros que raptan aos nenos para levarlos a covas escondidas e poder chuparlles o sangue.

ESTRELLA

Dáme medo a historia dun monstro que necesitaba comer un corazón para poder seguir vivindo. Na miña historia unha nena salvou a vida cando lle ofreceu o corazón dunha vaca que tiña na súa corte.

DAVID

Dáme medo a historia dun home chamado Piter que entrou nunha casa encantada que había na metade dun pobo. Piter non tiña familia nin casa e entrou na casa encantada. Nunca máis se soubo nada de Piter!!!

BERTA

Un día doume medo ao ver que cando cheguei a casa a cabaza para Halloween se fixera ela soa.

DIEGO

Dánme medo as historias de Halloween onde as persoas desaparecen e as pantasmas fan o que lles peta.

CECILIA

Dánme medo as pantasmas que fan desaparecer ás familias ricas para roubarlles o diñeiro e as xoias.

MARTÍN

Danme medo as pantasmas que pasean polos parques.

LETICIA

Dánme medo os vampiros.

EVA

Pois a min doume medo algo que me pasou de verdade unha noite que foi terrorífica...

Un día toda a miña familia e tamén eu estábamos na miña casa de Bardaio celebrando a Noite Vella. Todo o mundo pasábo moi ben, a cena era moi boa, pero todo cambiou cando quedamos sen luz. Tivemos que buscar unha velas e xusto volvéronse a acender as lámpadas cando estaban a soar as doce badaladas que daba entrada ao ano novo.

Cando fomos para cama estalou a bombilla da miña habitación. Fun avisar a miña nai que estaba coa miña irmá no seu cuarto. Estaba a chorar porque alguén lle tocara os pés mentres durmía.

Pola mañá oíuse o timbre do teléfono. A miña avoa descolgouno e preguntou quen era, pero non le contou ningún.



Conto de medo

A CASA ENCANTADA

Como tódolos días ao saír da escola, Antía, Iria, Luís e Xoán, van camiñando cara o parque. Alí xogan un anaco antes de ir para casa.

Luís é un rapaz novo na vila e está no mesmo curso que os seus amigos.

De camiño ao parque, os demais vanlle explicando a Luís que na vila hai unha casa abandonada dene hai moitos moitos anos.

Alí vivira un matrimonio moi rico que tiña tres fillos. En cuestión dun ano morreron todos e disque as súas ánimas andan pola casa.

A antía, Iria e Xoán nunca se lles pasara pola cabeza entrar a fisgonear alí, pero a Luís entrólle a curiosidade a medida que lle contaban máis cousas sobre ese caserío.



Decidiron ir ata alí, pero cando chegaron, a cancela estaba pechada. Intentaron abri-la pero non foron capaces porque ao redor tiña unhas cadeas. Eles preguntáronse quen puxera esas cadeas alí.

- Veña, ímonos de aquí (dixo Antía morta de medo)

- Non sexas galiña!! (díxolle Luís)

Así que escalaron pola cerca para poder entrar. Dero un paseo e atoparon un xardín moi grande con varias tumbas no chan. Casi ata parecía un cemiterio.

Acercáronse pouco a pouco e, de súpeto, notouse un temblor e unha néboa moi espesa comezou a descender impedíndolle aos rapaces ver ben. O único que vían eran unhas sombras que dicían:

- Liscade de aquí!!

De súpeto... (soan unhas campanadas)

- Qué é iso? (preguntan os rapaces)

- Xa vos dixen que era mala idea entrar aquí (dí Antía aínda morta de medo)

Os nenos estaban moi asustados e comezaron a correr buscando onde agocharse.

No medio da carreira, atoparon a porta do caserío aberta, e non se lles ocorríu outra cousa mellor que entrar. Moi nervosos, pechárona bruscamente para impedir que as sombras poidesen entrar.

Pero unha vez dentro da casa, alguén golpea con forza o postigo, e unhas risas pantasmais resoan en toda a casa!

Os nenos estaban moi, moi asustados e non sabían onde meterse.

A porta ábrese de súpeto e varias pantasmas entraron.

- Mortais, que vos deixou entrar na nosa propiedade!! (dixo unha pantasma)

Eles correron temerosos escaleiras arriba e entraron na primeira habitación que viron para poder agocharse das pantasmas.

Pero, de súpeto... escoitan como golpean as fiestras!!

Non o poden creer!! Nin alí estaban a salvo!!

Tiñan tanto medo que se desmaian enriba da cama.

-Luíuuuuuuís, Luíuuuuuuís, esperta!! É a hora de ir á escola!!

Luís respirou tranquilo cando se decata de que todo fora un soño.



UNHA TARDE EN ANLLÓNS

O outro día fomos de excursión a Anllóns. Fomos co noso profesor e un profesor da ESO. Primeiro fomos á "Casa do Demo" e despois fomos á igrexa de San Fiz de Anllóns.

Na casa do Demo explicáronnos que antigamente vivía unha señora chamada Xuliana coa súa neta María. Un día dúas veciñas de Xuliana chamadas Saturna e Pepa oíron lamentarse a Xuliana, e cando chegaron á súa casa, viron que estaba a sangrar pola boca.

Detrás da súa casa hai un monte que se chama "O Relanzo" e alí había un gran piñeiro cheo de carolas. De súpeto Xuliana escoitou un golpe na porta e, cando a abriu, viu que todas as carolas estaban diante da porta. Entón, non se sabe de onde, caeu o pilón dunha romana e rompeulle dous dentes a Xuliana, e iso era o motivo polo que estaba a sangrar.

Outro día viña Xuliana do monte e lamentándose. Fora buscar polas e tiñaas na cabeza enriba dun molido, pero era imposible sacalo da cabeza porque estaba cheo de cuspe de cuco e tiivo que rachalo para sacalo da cabeza.

Tamén veu un arcebispo con un acudante e sentiron uns silbidos, pero o arcebispo dixo que ó díaño non se lle facía caso. De súpeto

veu, de non se sabe onde, a man dun paraugas e deulle ó arcebispo nos dentes. Despois o arcebispo díxolle a Xuliana que tiña que marchar de aquela casa. Un día foi Pepa a cocer a broa, que é unha mestura de trigo e millo, meteuna no forno e, cando sacou a asa de madeira, viu que estaba como mordida polos dentes dun can.

Naquela casa pasaba de todo: caían patacas que se colocaban unhas enriba das outras; dentro dun pucheiro aparece a comida chea de pedras; a Xuliana tíanlle dos pelos; dunha mesa da cociña caen os obxectos...

A xente e os xornalistas ían visitar aquela casa. Contáronnos que Xuliana e a neta foran vivir a outra casa, e que antes a feira facíase enfrente da casa do Demo, e que o irmán de Eduardo Pondal fora o que fundara Ponteceso e que trasladara a capela de Balarés a Ponteceso.

Despois veu a avoa de Aldara, que se chama Magdalena, e tamén nos contou cousas que xa nos contara o profesor.

Despois marchamos en minibús á igrexa de San Fiz de Anllóns. Alí contáronnos que Eduardo Pondal se inspirara nas campás de Anllóns para facer o poema "A campana de Anllóns". Dixéronnos que cando Eduardo tiña uns dezaseis anos fora cazar unha mañá e sentira soar a campá e, como lle gustara, inventou o poema. Despois entramos na igrexa e explicáronnos que fora mais pequena, pero a partir dos séculos XVII e XVIII aumentara a poboación galega e que as igrexas tamén aumentaron e construíronse en estilo barroco.

Os dous retábulos, os laterais e o frontal, están apoiados en estípetes. Despois contáronnos que santos había: San Félix, Santa Fátima, San Xosé, Santa Lucía, O Sagrado corazón de Xesús...

Despois volvemos á escola no minibús e despedímonos. Foi un día xenial!





Por Ponteceso pasaron os Reis
 moi cargadiños
 preguntando polos nenos
 que pediran con cariño.
 Gústannos moito estes Reis
 deixannos regaliños.
 Volvede o próximo ano
 pois seremos moi boíños.

Texto e ilustración:
 Carmen Gidás García - 1º



En un pendello que hai
 xunto ao camiño,
 estos días pequeniño,
 que parece do ceo caer.
 Levarémollle unha manteira
 porque o pobre manteles non ten,
 nin señales de pañais
 pra taparse do frío se ven.

Jorge Suárez Rama - 1º

Panxoliñas

Co meu burriño mañaneiro
 collo rumbo a Israel.
 Co meu burriño mañaneiro
 collo rumbo a Israel.
 Se me oen, se me oen
 vou camiño de Israel.
 Se me oen, se me oen
 vou camiño de Israel.
 Co meu tambor vou tocando
 e o meu burriño disfrutando.
 Co meu tambor vou tocando
 e o meu burriño disfrutando.
 Se me oen, se me oen
 vou camiño de Israel.
 Se me oen, se me oen
 vou camiño de Israel.

A luíña chea
 alumea a miña beira.
 A luíña chea
 alumea a miña beira.
 Se me oen, se me oen
 vou camiño de Israel.
 Se me oen, se me oen
 vou camiño de Israel.
 Tuqui tuqui tuquituqui
 tuqui tuqui tuquitá
 hai moito que apurar
 que non imos chegar.
 Tuqui tuqui tuquituqui
 tuqui tuqui tuquitá.
 Apúrate meu burriño
 que eu quero ver ó meniño.

Érika - 6ºA



Noite boa, noite boa
noite de moita alegría.
Camiñando ía Xosé
camiñando ía María.
Cando a Belén chegaron
a media noite sería.
Abre as portas porteiro
a Xosé e a María,
que se non tes chaves de ouro
eu de prata chas daría.
No portal de Belén
xa agardan os pastores
para bicar ó neno
que naceu entre mil amores.



ARROLO

Quen ten fillos pequenos
sempre lles ha de cantar.
A Virxe canta, máis canta
con vontade de chorar.
O cantar que a Virxe canta
cando arrola ó seu neninho
"Meu carabel, miña rosa,
meu bico de pasariño"



O AGUINALDO

Déame señora
aunque sea pouco
touciño e medio
e mitá do outro.
Déme polo ghordo
non polo delgado
coidado señora
non corte unha
mano.



Catatumba, tumba, tumba
con pandeiros e con palmas.
Catatumba, tumba, tumba
non te metas entre as pallas.
Catatumba, tumba, tumba
toca o pito e o rabel,
catatumba, tumba, tumba
tamboril e cascabel

David Castro Varela - 1º





O Bardo



2010 / 2011

Colexio Eduardo Pondal

O día 4 de febreiro fomos á central hidroeléctrica de Anllóns. Primeiro, ás 15 horas, fomos en autobús a Anllóns. Alí, o home que estaba encargado dela, ensinounos unhas cataratas e tamén un tubo que ó darlle para arriba soltaba no outro lado auga. Despois ensinounos un xerador por arriba.



Ilustración: Mario - 4anos

Máis tarde, vimos a sala de máquinas e as turbinas, e tamén como se acendían. Cando saímos levounos a unha oficina para ensinarnos unhas fotos do verán onde se vían as turbinas porque agora non se ven pola cantidade de auga.



Ás 16.15 volvemos no autobús á escola. Paseino xenial!!

Texto: Ana Villar Pailos - 6ºB

As bolsas de plástico

Un pouco de historia

As primeiras bolsas de plástico para pan, bocadillos, froita e verduras foron introducidas en EEUU en 1957. Pero foi a mediados dos 70 cando un novo proceso de fabricación abaratóu os custos e facilitou que todo tipo de tendas empregasen este tipo de bolsas.

Calcúlase que en España se distribúen uns 16000 millóns de bolsas ó ano. Das fábricas de todo o mundo saíron en 2002 entre 4 e 5 billóns de bolsas de plástico.

Por qué tantas e por todos lados?

- Son prácticas, eficientes, limpas.
- Cun peso de 6 gramos transportan ata 5kg.
- Teñen un custo moi baixo.
- Son impermeables.
- ¡Son de balde

Qué supón empregar tanta bolsa?

- Moita porquería polas rúas, praias, mares...
- Cando están serigrafadas son máis tóxicas por conter chumbo e cadmio.
- Non son biodegradables e incineralas produce gases tóxicos.
- Moitos animais morren atrapados por plásticos ou por inxerilos.


Texto: Hilda - 6ºB

COMO DOBRAR UNHA BOLSA

Sobre unha mesa estira ben a bolsa, facendo coincidir ben os bordes, de forma que quede o mesmo ancho tanto enriba como embaixo quedando da seguinte forma:



Agora seguiranse os seguintes pasos (A liña de puntos indica por onde se dobra a bolsa e o debuxo que sinala a frecha indica como queda despois de dobrala).



Continuarase repetindo os pasos 3,4,5, e 6 ata que só queden as asas ou un pouco delas e e isto meterase por unha das ranuras que se formaron ao dobrar a bolsa (a que mellor lle vaia), quedando coma un triángulo (7).


A modo de resumo:

- Evita o uso de bolsas de plástico.
- Rexeita as bolsas de plástico nas tendas levando unha bolsa propia de tea ou un cesto.
- Leva sempre unha bolsa de tea pregada para compras inesperadas.
- Reutiliza as bolsas de plástico para novas compras.
- Cando estean demasiado usadas, emprégaa para depositar o lixo.
- Anima á túa familia a reducir o emprego de bolsas de plástico.

O arte visto polos nenos de educación infantil...




Thais - 5 anos



Niña con Paloma
Pablo Picasso



Uxia - 5 anos



Susana - 5 anos




Acróbata con balón
Pablo Picasso



Uxia - 5 anos



Samuel - 5 anos



A familia de saltimbanquis
Pablo Picasso



Uxia - 5 anos



Martín - 5 anos



Paula - 5 anos



Uxia - 5 anos

DÍA DA PAZ

Hoxe celebramos o día da paz, pero... que é a paz?

Cando nos paramos a analizar a palabra pensamos...

Pois é unha palabra moi curta, monosílaba, que soa ben, que é un nome de muller...

Pero chegamos á conclusión de que esa palabra tan curta está chea de outras moitas palabras, e todas moi boas.

Así que a PAZ é: respecto, aceptación, harmonía, disfrute, equilibrio, optimismo,

fe, ilusións, diálogo, humildade, sinceridade, honestidade, solidariedade, espe-

ranza, cooperación, amizade, ledicia, tolerancia, comprensión, unión,

axuda, sorrisos, apertas, amor, compañeirismo,

integración, ... ¡¡é un arco da vella cheo cas nosas

mans, eso tamén é a paz!! E tantas outras cousas

máis que podemos descubrir a cada ins-

tante... Eso sí, se temos a sorte de poder

vivir en Paz.

Temos tantísimas razóns para a paz, que

este día debería celebrarse tódolos días do

ano.

A PAZ debe estar presente en cada momento dos nosos días.

Alumnos e alumnas de 4º.

Os fusiles, os tanques e os avións dixeron:

- ¡Estamos cansos das guerras, non queremos mo-
vernos máis!

Os tanques foron tobogáns, nos fusiles naceron
rosas, e os cascos serviron para macetas.

Os homes tacharon dos libros as palabras: guerra,
inimigo, odio, ...

E nas escolas aprendíase que sempre se escriben
con maiúsculas:

PAZ AMIGO AMOR

Texto e ilustracións: Raúl Araquunde Parajó - 1º



Os nenos do cole
queremos cantar
para que no mundo
reine a igualdade.
Para que no mundo
sempre exista a paz
debemos querernos
coñecernos máis...
Blancos, negros, chineses,
indios, qué máis da?
Se nos abrazamos
traeremos a paz.

Texto e ilustración: Ana Bermúdez Martínez - 1º



páxina 17

Os nenos estamos preparados
para recitar un poema da paz
para poñelo na pomba
e con el poida voar.

Chegou o día da Paz
onde todos temos que colaborar
soltamos a pomba mensaxeira
para que nos traia amor, paz e
convivencia.

Pasou o magosto
xa pasou o Nadal
e agora imos celebrar
sen rencores o día da Paz.

Todos xuntos collidos das
mans
africanos, galegos ou ca-
taláns
sen importar as diferenzas
para afastar a violencia.

Este é un día moi especial
onde todo pode cambiar
así que abre o teu corazón
para facer un mundo mellor.

A paz non ten prezo
non se pode mercar
hai que loitar por ela
non a deixes marchar.

O mundo está corrupto
está cheo de maldade
unidos todos veremos
e busquemos a liberdade.

Todos temos que ser amigos
todos temos que ser irmáns
en calquera lugar do mundo
iremos collidos pola man.

M
a
n
i
f
e
s
t
o



p
o
i
a



P
A
Z

Non ás guerras!
Non ás bandas!
Non ó racismo!
Sexamos todos amigos!

O símbolo da paz
é unha pomba branca
se facemos a maldade
este símbolo acabaráse.

A paz non é a guerra
a paz é amizade
non queremos maldade
queremos moita felicidade.

Fóra as guerras do mundo
entre nenos e adultos
coas nosas mans enriba
todo o mundo cheo de ledicia.

Queremos que non haxa pobreza
queremos que reine a paz
aos pobres darlle comida
para que enchan a barriga.

Que viva a paz, que viva a paz!
imos todos a celebralo
nun día moi especial
para que a paz reine
xa.

Xa ven a paz
xa está a chegar
cos nenos cantando
e tamén disfrutando.

E agora para rematar
todos os nenos temos que lembrar
que o futuro nas nosas mans está
todos temos que ser irmáns
e ir collidos polas mans
e calquera parte do mundo.



ENTROIDO

O día catro de marzo (venres), no CEIP Eduardo Pondal celebramos o entroido.

Cada ciclo foi disfrazado dun continente distinto. Os de infantil foron do continente de América, os do primeiro ciclo de Asia, os do segundo ciclo de África, e os do terceiro de Oceanía.

Ao baixar ao polideportivo, cada ciclo fixo uns desfiles ensinando os disfraces e un

baile, empezando polos de infantil, que actuaron con unha canción sobre os indios.

A continuación tocoulles aos do primeiro ciclo bailar unha canción da China, acompañada dun dragón.



Os do segundo ciclo para representar a África fixeron o "Waka waka" de Shakira, cuns disfraces bastante calurosos.



Por último tocounos a nós, os do terceiro ciclo, bailar unha canción de Hawai, cantada polos alumnos de 5º e 6º.

A continuación, e por último, coma todos os anos, cada curso tomou os postres típicos que os alumnos levamos: orellas, filloas, rosquillas, ..

Coido que o pasamos todos moi ben!



Hawaii, Hawaii, xa é carnaval
 Hawaii, Hawaii, pasámolo quai
 Hawaii, Hawaii...queremos disfrutar.

Hawaii, Hawaii
 coroas de flores
 Hawaii, Hawaii
 de moitos colores

Hawaii, Hawaii...que mellores non
 hai.

E con saias havaianas vimos hoxe
 que son propias de Hawaii, ai
 e tamén algún colar de alá lonxe
 unhas quirnaldas moi quai, ai ai ai

Hawaii, Hawaii
 comerei un montón
 Hawaii, Hawaii
 grelos e lacón
 Hawaii, Hawaii
 somos de condición.

Hawaii, Hawaii
 comeremos filloas
 Hawaii, Hawaii
 e tamén orellas
 e ó final
 correr o carnaval.

Hawaii, Hawaii
 Hawaii, que quai
 Hawaii, Hawaii
 Hawaii, que quai
 Hawaii, Hawaii
 Hawaii, que quai
 Hawaii, Hawaii
 Hawaii, que quai.

Texto: alumnos/as 6º (sobre música de Mecano)

O ENTROIDO NO COLE

O 4 de marzo fixemos o entroido no colexio CEIP Eduardo Pondal.



Os de 3º fomos diferentes. As nenas fomos de exipcias e os nenos de guerreiros

Os de infantil foron disfrazados de indios de América.





Os de 4º foron de árabes, todos tapados. Os de 5º e 6º de havaianos.

Os de 1º e 2º foron de chinos de Asia e tamén tiveron un dragón.



Ao final comemos doces típicos do entroido.



O día 30 de marzo, os menos de primeiro, segundo, terceiro e cuarto, fomos ver unha obra de teatro titulada "Carabín, Carabón".

Trataba dunha muller chamada Mariña e dun home chamado Toni que ían no seu globo.

A Terra chamábaos e eles tiñan que ir a salvar o mundo.

Texto: María Farinha - 4º



Ilustración: Eloy - 4º

Hoxe, día 30 de marzo de 2011, fixeron unha interpretación de danza no polideportivo de Ponteceso. Fomos do colexio Eduardo Pondal, do instituto, ...

Na danza había tres rapaces e dúas rapazas que fixeron uns exercicios que creo que eran para quencer, e despois tamén varios bailes preciosos e chulísimos. O que máis me gustou foi un no que bailaban un rapaz e unha rapaza que parecían Romeo e Xulieta.

A min encantoume e espero que a vos tamén.

Ja, ja, ja, ja.

Texto: Lara B. Varela - 4º



Ilustración: Uxia - 4º




Ilustración: Tamara - 4º




Ilustración: Adrián Pop - 4º







Ilustración: Ana Sánchez Antelo - 4º



A gañadora...

CLEO

Lara - 3 anos

O xoves, día 14 de abril, os nenos e nenas de 5º e 6º fomos de excursión a ver o castro de Borneiro e o dolmen de Dombate, acompañados por un guía chamado Lito, que era o encargado de explicarnos o mellor que puidera as vidas dos nosos antepasados.

Primeiro, ao baixar do autobús subimos a un monte de Borneiro para ir ao castro. Alí Lito explicounos que os castros eran antigas cidades fortificadas, que se atopaban no noroeste da península Ibérica e que, o de Borneiro especialmente, fora habitado entre o século VI a.C. e o I d.C. e que fora descuberto por Isidro Parga Pondal (curmán de Eduardo Pondal).




Despois xogamos a un xogo que consistía en buscar unha parroquia. A pista dábatche un consello de onde tiñas que buscar, e tamén o nome da parroquia.

Despois Lito seguiu explicándonos e díxonos que algúns castros conservaban un burato no medio para cravar un pau na terra sobre o que se poñía o tellado (de pólas ou barro).

Tamén nos dixon que os celtas, que foron os que habitaron os castros, era pre-romanos, e ao contrario ca eles, tiñan as casas redondas ou coas esquinas redondeadas, porque así a calor dunha fogueira aproveitábase por toda a casa.

No castro había dúas entradas, unha para os visitantes, e unha orixinal onde, preto dela, estaba o extramuros, formado por unha casa ovalada, dúas fontes con desaugadoiro, e un forno circular.



Por último, fomos ao dolmen, onde tamén nos explicaron o que era, e que ao lado había outro máis pequeno. Antes de marchar, foron tan amables de darnos un libriño e máis un marcapáxinas.

Pasámolo moi ben e aprendemos moito!!!!!!

Texto: Érika Calvo Rivera - 6ªA
 Ilustración: Hilda Romero - 6ªB

Anuncios por palabras

Véndese coche de cabalos a bo precio. O coche poñémolo nós, os cabalos vostede.	Véndese colexio. Exames e profesorado incluído. Os rapaces van aparte. Negociable.	Goma de pelo resistente. Non se arrepiñan de comprala porque non lles romperá. O prezo é de 19 euros.
logures con sabor a balón. Están... riquísimos!!!	Búscase can de manchas. A quen o atope dareille 10 céntimos.	Gran festa de inauguración do gran parque acuático de Ponteceso. ¡6 piscinas! ¡6 tobogáns! 11 de Xuño.
Véndense profesores do colexio Eduardo Pondal de Ponteceso.	Alégase baixo para festas. Os parchises están no armario e a auga na neveira.	Estrénase bar. Se queres beber, á fonte do lado!
Véndese bañeira con hidromasaxe. A bañeira por unha parte e os masaxistas por outro.	Véndese manicomio. Tolos incluídos. Os mellores da cidade!!	Véndense exames por 1 céntimo.

As letras galegas comezaronse a celebrar no ano 1963, pois coincidía co centenario da publicación de "Cantares Galegos", da poetisa Rosalía de Castro.

Dende aquela, todos os anos, o día 17 de maio faise unha homenaxe a un escritor/a galego/a.

Esta data foi escollida porque foi cando a poetisa Rosalía de Castro, lle adicou o seu libro "Cantares Galegos" á poetisa Fernán Caballero (seudónimo de Cecilia Böhl de Faber).

Este ano, adicouse a Lois Pereiro, que foi un poeta galego nacido en Monforte de Lemos o 16 de febreiro de 1958 e que morreu na Coruña o 24 de maio de 1996.

Só publicou dous poemarios na súa vida: "Poemas" e "Poesía última de amor e enfermidade".



Concurso de caricaturas de Lois Pereiro


Estas son as gañadoras...



Infantil
Uxía - 5 anos



1º Ciclo
Carmen - 1º



2º Ciclo
Yaiza - 4º



3º Ciclo
Patricia - 6ªA

Poemiñas adicados ao verán

No verán xogo,
no verán río,
no verán disfruto,
no verán aparco os libros
que durante o curso me aburriron.
No verán vou á praia,
no verán tomo o sol,
no verán báñoome,
no verán hai olas
que rompen solas.
No verán as árbortes botan o seu froito
que eu disfruto,
con moito gusto.
Definitivo, o verán,
a mellor estación.

Lydia - 5º

A primavera acabou
e o verán empezou.
Todos imos á praia
ata que o sol se vaia.
Co sol imos xogar
e ben o habemos de pasar.
O verán hai que aproveitalo
porque non dura todo o ano.

Noelia - 5º

O verán está facendo unha churrascada
coas nenas e pais da praia.
O sol abrasa a panceta
para poñela na mesa.
Agora que a panceta está na mesa
todos gritamos para comela.

Pilar - 5º

O verán ven xogar con nós
ás cartas e ao dominó.
El nunca perde ao bingo,
e eu sempre pringo.
Sorteouse a praia
ao xogo da petanca.
Sorteouse o mar
xogando á escoba,
eu perdín coma sempre
e fomos a coller as olas.

Fixemos un sorteo,
montado na praia
e ao final elegimos
ir de acampada.

Aarón - 5º

Pasa tempos

Atopa nesta sopa de letras o nome de 8 escritores/as galegos/as homeaxeados/as nas letras galegas.

H	E	A	S	C	T	E	I	S	O	R	A	F	E	U
V	S	E	D	U	A	R	D	O	P	O	N	D	A	L
I	N	P	E	I	E	U	S	A	O	E	A	S	E	O
C	E	I	H	A	R	A	E	O	I	U	O	B	I	I
E	C	A	O	O	O	T	I	G	C	E	U	L	E	S
N	A	M	A	N	U	E	L	M	A	R	I	A	S	P
T	E	R	P	E	S	R	H	A	S	A	R	N	A	E
E	O	V	M	O	A	U	A	E	T	H	A	C	H	R
R	G	O	I	I	U	A	R	R	E	O	R	O	A	E
I	O	A	U	A	T	I	U	O	L	A	I	A	S	I
S	L	S	S	O	S	T	A	T	A	U	E	M	E	R
C	A	L	A	I	A	O	E	U	O	T	S	O	A	O
O	B	N	C	L	E	O	S	E	I	A	T	R	I	A
A	V	O	I	U	I	U	O	R	T	U	O	S	A	U
M	A	N	U	E	L	A	N	T	O	N	I	O	I	E

Adiviñas

- 1) Verde no campo, negra na casa e coloradiña na brasa.
- 2) ¿Que cousa é, que canto máis grande é menos se ve?
- 3) Úsase para comer e non é prato nin culler.
- 4) Ten lombo e non anda, ten follas e non é planta, sabe moito e non fala.
- 5) Anda e anda sen parar e non muda de lugar.

Solucións:

- 1) A letra para o lume
- 2) A escudade
- 3) A boca
- 4) O fibra
- 5) O muiño

Agardamos que a nosa revista fose do teu agrado.
Non esquezas que a podes ler tamén, e a toda cor, na nosa web:
www.edu.xunta.es/centros/ceippondalponteceso

Colexio Eduardo Pondal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA